



**Asunto: acordo da Xunta de Goberno**

Comunicolle que a Xunta de Goberno do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, na sesión do día 19.06.2023, tomou entre outros o acordo que se transcribe a seguir:

**«Reivindicacións en materia da quenda de oficio e Mutuality de la Abogacía:**

Ante as reivindicacións en materia de asistencia a persoas detidas e quenda de oficio, formuladas por compañeiros da quenda de oficio deste colexio, así como a preocupación dos colexiados mutualistas polos últimos acontecementos relacionados coa Mutuality, esta Xunta de Goberno acorda por unanimidade o seguinte:

**1. En relación coa quenda de oficio:**

a) O apoio expreso e activo deste colexio nas seguintes reivindicacións, para o cal se concertarán as oportunas reunións coa Dirección Xeral de Xustiza e demais organismos competentes:

- A inclusión no baremo de compensación das actuacións da quenda de oficio, co consecuente pagamento, de todas as actuacións profesionais levadas a cabo ata o final do proceso, en todas as ordes.
- Aumento de todas as partidas do baremo de compensación económica da quenda de oficio, coa súa posterior actualización conforme ao IPC anual.
- A inclusión dunha partida no baremo para o pagamento da dispoñibilidade na quenda de asistencia a persoas detidas e asistencia a vítimas de violencia cando non se produzan chamamentos.
- A inclusión no baremo dunha partida destinada a aboar todos os gastos de desprazamentos no servizo de asistencia e gardas (a dependencias policiais ou da garda civil ou aos xulgados, centros penitenciarios etc.).

Así mesmo, apoiarase e solicitaranse todas aquelas reivindicacións de inclusión ou incremento de cantidades que aprobe a Comisión da Quenda de Oficio deste colexio.

b) A creación dun protocolo en relación co funcionamento das listas de garda de asistencia a persoas detidas e a vítimas de violencia de xénero de cara a asegurar o estrito cumprimento na orde de chamamento das gardas; o cumprimento de horarios en declaracións e vistas; facilitación de copias dos atestados e autos etc.

**2. En relación coa Mutuality de la Abogacía:**

- a) Apoiar a proposta de “Ventá de traslado ao RETA”, consistente en establecer unha ventá para que exista a posibilidade de que os mutualistas que o desexen poidan recuperar as súas achegas con destino ao RETA.
- b) Reivindicar e apoiar a solicitude de complementos mínimos das pensións da mutuality en igualdade de condicións coas pensións do RETA.

ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Nº Registro: RS-000957  
Of. Registro: ICA SANTIAGO  
20/06/2023 13:29:51  
Páxina: 1 de 2  
REGISTRO SALIDA



- c) Reiterar ao CAG e ao CGAE que se solicite aos poderes públicos melloras fiscais na fase de xubilación dos mutualistas.
- d) Crear unha comisión permanente neste colexio da avogacía, integrada por letrados/as mutualistas, co fin de estudar as queixas e suxestións en relación coa mutualidade e canalizar as propostas correspondentes.
- e) Organizar no mes de xullo unhas xornadas informativas cun técnico da Mutualidad de la Abogacía e cun letrado da Seguridade Social para tratar cuestións relacionadas coas cotizacións e a xubilación no RETA e na mutualidade.

### 3. En relación coas custas:

Dadas as últimas resolucións da Comisión Nacional da Competencia e a recente sentenza do TS en relación cos criterios e baremos de honorarios, que a xuízo desta Xunta causa unha grande indefensión á cidadanía e aos letrados e letradas, solicitar aos poderes públicos, por mediación do CAG e do CGAE, unha regulación en materia de custas e honorarios profesionais co fin de lle dar transparencia e unha solución á situación actual.

### 4. En relación co ICA Santiago:

- a) Reiterar dende este colexio a esixencia de que se dispense un tratamento respectuoso e considerado cara aos profesionais da avogacía no exercicio das súas funcións por parte de todos os operadores xurídicos.
- b) Reiterar a todos os nosos colexiados e colexiadas que na nosa web, no apartado “Acceso libre” > “Portal de transparencia”, se publican todos os convenios asinados polo colexio con entidades públicas e privadas, así como os orzamentos e as contas anuais que son aprobadas pola Xunta Xeral. Tamén se lembra que a través da App do colexio (*Avogacía Compostelá*) poden consultarse todos os acordos e circulares, así como as listas de asistencias. Dende esta aplicación tamén se poden comunicar queixas ou incidencias de todo tipo.
- c) Así mesmo, solicitar e impulsar a participación e o apoio dos nosos colexiados e colexiadas nas dúas mobilizacións acordadas no pleno do CGAE do pasado 16 de xuño e convocadas para o día 28 de xuño, ás 12 h, nas distintas sedes xudiciais de cada colexio e para o 14 de xullo en Madrid.

Os presentes acordos serán sometidos a ratificación na xunta xeral extraordinaria que será convocada por esta Xunta de Goberno para este único efecto.»

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente.

O secretario

